

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 05/11/2016.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D^a Sabela Iñiguez Cinza.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María Amparo Calvo González.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D. Manuel Beceiro Couce.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D. Manuel Romero Castrillón.
D^a Silvia Fernández Muiño.
D^a María Belén Trigo Meizoso.
D. Eduardo Lourido Doval.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta minutos do día cinco de novembro de dous mil dezaséis, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día oito de setembro do presente ano dous mil dezaséis. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

Dase conta ó Pleno polo Sr. Alcalde da Resolución ditada no expediente disciplinario nº 1/2016, tramitado contra o funcionario municipal Sr. Barro Sabín, expediente que coñecen os sres. Concelleiros e que está á súa disposición en Secretaría.

SEGUNDO. MOCIÓN SOBRE RETIRADA DE RODAS USADAS.

Dase conta do escrito presentado no rexistro de documentos con data do 21/10/16, número, 1934, que literalmente di:

“Don Julio Santos Rodríguez, veciño de Fene, con residencia desde o 30 de xullo de 2004 (12 anos) en Monte do Couco-Santa Ana no punto quilométrico 28,7 da estrada N-651, e para máis concretar informa que vive na casa unifamiliar que linda coas instalacións de Rubber Industrias del Caucho, S.A. Por autorización dos sindicatos da creba de Rubber Industrias del Caucho S.A. E coa finalidade de vixiar as instalacións e tratar de evitar riscos de incendio.

Manifesta:

- Que na actualidade xa cumpriu os 75 anos de idade e segue a loitar por que retiren os pneumáticos.*
- Que leva xa unha inxesta diaria de alimentos limitada desde hai dous meses, que lle está producindo unha baixada de peso progresiva, en protesta polo incumprimento a día de hoxe da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de retirar os pneumáticos depositados nas instalacións de Rubber para o seu posterior tratamento en planta especializada.*
- Que cumprirá esta dieta limitada de alimentos ata que a Consellería responsable cumpra con retirar os pneumáticos.*
- Que se a Consellería deixa pasar o mes de outubro sen iniciar a retirada ou dar signos evidentes de que a vai a iniciar pasado outubro entón en sinal de protesta fará unha travesía por mar a nado desde a ponte de Xubia ata chegar a liña entre os castelos na boca da ría (aproximadamente 6 millas mariñas) e mergullándose a pulmón neste punto final ata chegar a unha profundidade de 12 metros.*
- Que pide apoio aos partidos políticos e concellos da ría de Ferrol e limítrofes con Fene xa que sería a área afectada en caso dunha catástrofe por incendio dos pneumáticos.*
- Que fai responsable dos desastres que puideran producirse en caso de incendio dos pneumáticos aos responsables actuais da Consellería.*
- Que a Consellería non pode escusarse para xustificar seus atrasos no feito de que haxa un goberno en funcións xa que o perceptivo procedemento de contratación administrativa data de 13 de maio de 2016 e debería continuar seu curso. E en todo caso a asesoría xurídica da propia Consellería debería pronunciarse sobre a capacidade da adxudicación na maior brevidade posible, é dicir inmediatamente dada a gravidade dos feitos a tratar.*

Por todo o anterior solicito da corporación municipal de Ferrol que se manifesten públicamente nun pleno sobre a urxencia de retirar os pneumáticos a unha planta de tratamento sen máis dilación no tempo. E que reprobe as dilacións no tempo que está tendo a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.”

O Sr. Alcalde di que o asunto considérase de interese, abrindo de seguido un turno de intervencións dos portavoces.

O Sr. Lourido amósase de acordo coa proposta, aínda que indica que tamén á anterior propiedade do intalación haberá que esixirle as responsabilidades que correspondan, habida conta de que ademáis recibira financiación pública para a actividade de reciclaxe que realizaba.

O Sr. Romero tamén amosa a súa conformidade xeral co contido do escrito, salvo no referido á reprobación á Consellería, dado que a propiedade da instalación é responsable das cuestións

ambientais, a pesar do cal a Xunta vaise facer cargo dos traballos necesarios, polo que non considera que se lle poida rebrobar nada.

O Sr. Soto interven de seguido para sinalar a relevancia pública que adquiren feitos como este tras o catastrófico incendio de neumáticos ocorrido en Seseña, que ven a lembrar que tamén en Galicia existen instalacións con este risco. Di que o tratamento legal destes materiais supón custes non asumibles para algúns sectores afectados, o que aumenta a preocupación relativa á seguridade dos lugares nos que se almacenan estes residuos, polo que considera que se debería instar á Consellería a buscar unha solución para os milleiros de rodas usadas que hai en distintas instalacións en Galicia, propoñendo engadir á moción o seguinte texto: *"O concello de San Sadurniño insta á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a buscar unha solución para os milleiros de rodas usadas que hai nas explotacións gandeiras do país."*

Sométese de seguido a votación ordinaria a aprobación da proposta de que se trata, coa supresión solicitada polo Sr. Romero e a engádiga proposta polo Sr. Soto, e a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a proposta de que se trata.

TERCEIRO. MOCIÓN DO BNG DE OPOSICIÓN Á LOMCE.

Dase conta da moción presentada polo portavoz do grupo do BNG con data do 31/10/16, número 1976 norexistro de entrada, de oposición á LOMCE e ás súas reválidas, que o Sr. Soto le e que literalmente di:

"A aplicación da LOMCE consagra cuestións totalmente negativas para o sistema educativo por ser fundamentalmente centralizadora, clasista e sexista, mercantilizar a educación e afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático. Cómpre lembrar que xa a súa elaboración foi sen diálogo social e sen participación da comunidade educativa, das asociacións que representan os diferentes colectivos implicados e con grande oposición social e política. Ademais, a LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas e supón unha involución inadmisíbel ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español e veta o dereito de ofrecer o seu propio modelo lingüístico.

Para alén doutras consideracións, a inclusión a proba xeral en 3º e 6º de Primaria e as reválidas en 4º da ESO e en bacharelato, que son requisito imprescindible para conseguir os títulos correspondentes, pretenden pór as maiores trabas posíbeis para a continuación dos estudos. Obedecen, pois, a unha concepción clasista e elitista da educación e contribúen a excluír o alumnado máis desfavorecido socialmente do dereito á educación nun contexto no que xa as progresivas privatizacións e recortes do sistema público de ensino limitan os recursos para facer real o principio de igualdade de oportunidades.

Ademais, a nivel pedagóxico as reválidas supoñen unha presión engadida para o alumnado, forzándoo a ser avaliado baixo estándares uniformizados sen ter en conta a educación como proceso e o contexto social, económico e persoal do alumnado así como as súas capacidades e actitudes. Tamén cómpre sinalar como as probas avalían só determinadas áreas de coñecemento, tendo nunha menor consideración outras competencias, destrezas e habilidades do campo artístico e musical. Ademais, o modelo centralista fai que sexa o Ministerio de Educación quen fixe

os criterios, limitando os contidos específicos do marco galego que son imprescindíbeis para a formación do alumnado no seu contexto.

Así mesmo, condicionan a labor docente ao encamiñala á preparación das probas e cuestionan a avaliación continua e a opinión do equipo docente para coñecer as carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado, así como dos medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar.

Por todo isto, a lei ten unha clara pretensión de camiñar cara un sistema educativo competitivo, clasista e segregador que excluírá os sectores máis desfavorecidos da educación e asentará unha estrutura curricular ao servizo do capitalismo.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.*
- 2. Instar á Xunta de Galiza á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.*
- 3. Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país."*

O Sr. Lourido di que o contido da proposta parécelle ben, como defensor do sector público que é, e insiste na idea de que non se poden facer cambios bnormqtivos nestamateria concada cambio de goberno, senon que debería acadarse un gran acordo con amplo apoio político que perdure no tempo.

O Sr. Romero di que as reválidas poderían servir como indicadores das debilidades do sistema que permitirían a súa mellora, e como verificación do nivel do profesorado, configurándose como probas de carácter meramente diagnóstico e sen valor académico, e da conta da situación de caos e inseguridade para o alumnado que debe acceder á universidade o próximo curso. Di que é necesario un gran pacto pola educación, porque do contrario, quen perde son os nenos, e que as reválidas, aínda que teñen o nome mal posto, recollen unha necesidade de diagnosis da situación do sistema educativo, polo que o seu grupo votará en contra desta moción.

O Sr. Soto manifesta o seu acordo co Sr. Lourido, no sentido de que debe haber unha estabilidade na regulación legal desta materia, porque tantas reformas dificultan un mínimo de estabilidade, debido ás políticas feitas ata agora polo PP e o PSOE, que gobernaron ata a data, impedindo que se deran algúns debates necesarios e aplicando un sistema recentralizador no que non se escoita nin ao alumnado nin aos docentes. Cuestiona tamén a lexitimidade da lei, que se reduce á maioría parlamentaria coa que se aprobou, e di que pode conducir á postergación da cultura tradicional galega.

O Sr. Alcalde interven seguidamente para sinalar que a LOMCE é unha lei tocada dende o seu inicio, pola súa vocación de coartar o exercicio das competencias autonómicas na materia, pode que coa intención de españolizar aos nenos que manifestou o ministro Wert.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e do do PSOE, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP. acorda aprobar a moción de que se trata.

URXENCIA. Antes de pasar ó cuarto e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado nos artigos 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e 26-6 do Regulamento orgánico e de funcionamento do Concello, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Toma a palabra a Sra. Breijo, para propoñer ó Pleno a inclusión dun asunto urxente, unha moción do BNG relativa á violencia de xénero, a propósito da celebración que terá lugar o 25 deste mes de novembro, xustificando a urxencia do asunto nas datas nas que estamos, poucas datas antes desta data.

Sometida de seguido a votación ordinaria a urxencia da moción, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con catro abstencións, dos tres do PP e o do PSOE, acorda considerar a moción urxente, ordenado que ser pase de seguido ó seu debate.

URXENCIA. PRIMEIRO. MOCIÓN DO BNG CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Dase conta do contido da proposta, que a Sra. Breijo le de seguido.

O Sr. Lourido, manifestando o seu apoio ó contido da moción, cuestiona a utilidade deste tipo de acordos, dos que xa levamos uns cantos, e tamén manifesta o seu rexeitamento do termo "feminicidio", porque considera que tende a xeralizar supostos comportamentos de tódolos homes, reiterando a necesidade de buscar alternativas para non estar sempre adoptando os mesmos acordos.

O Sr. Romero tamén está de acordo co fondo da cuestión, pero pregunta porqué non se inclueu na Orde do Día, posto que xa se sabía cando é o 25 de novembro e tamén bota en falla unha preparación da proposta contando cos outros grupos, polo que anuncia que se absterán na votación.

O Sr. Alcalde interven para propor que se trate de consensuar entre os grupos unha declaración institucional conxunta que se faría pública antes do 25/11, asumindo a responsabilidade de non ter incluído o asunto na Orde do Día. O Seu grupo retiraría a moción con esta finalidade.

O Sr. Soto manifesta o seu acordo coa proposta da Alcaldía, compartindo a responsabilidade pola non inclusión do asunto na Orde do Día, e di que o seu grupo nunca se cansará de presentar e apoiar este tipo de propostas adecuadas á realidade social, porque tódolos esforzos son poucos para tratar de erradicar esta lacra das agresións contra mulleres. O Sr. Lourido di que a súa postura non é en absoluto de machismo, senon de defensa absoluta da igualdade, pero que tantas mocións xa deixaron clara a postura da Corporación, e teme que se produza unha saturación e a mensaxe perda importancia.

Finalmente, acórdase a retirada da moción co compromiso dos grupos de tratar de facer pública unha declaración institucional sobre o asunto, acordada entre os tres grupos, antes do 25 de novembro.

CUARTO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Romero di que no pleno do mes de xullo, o Sr. Alcalde dixo que as alegacións ó PXOM estarían respostadas en dous ou tres meses, que xa pasaron, e pregunta cando se prevé que se resposten e porqué non se ampliou o prazo de exposición pública cando había veciños que non tiveran tempo de presentar as súas alegacións.

O Sr. Alcalde resposta que nunha recente xuntanza co equipo redactor se informou que xa están casi analizadas tódalas alegacións e se está á espera de informes da Xunta, de Augas e Patrimonio, necesarios para a contestación desas alegacións.

O Sr. Romero insiste en que en xullo se dixo que estarían respostadas en dous ou tres meses, e o Sr. Alcalde resposta que a Xunta non cumpre os prazos de emisión dos informes, e que hai que entender que teñen moitos traballos e informes pendentes; dependendo destes informes da Xunta, as alegacións poderían estar respostadas a finais deste ano ou no primeiro trimestre de 2017.

A Sra. Trigo pregunta á persoa que representa ó Concello no Consello Escolar polo tema do seguro escolar, non obrigatorio en primaria e do que se carece no CPI San Sadurniño, o que non lle parece razoable e sobre o que solicita que se faga algo por parte do Concello, xa que considera que moitos pais non están informados deste feito e aceptarían seguramente facer un pequeno pago para dispor deste seguro.

O Sr. Alcalde di que a representante no Consello Escolar é a Sra. Iñíguez, pero que respostará el mesmo, porque este asunto é máis de responsabilidade da dirección do centro que do Consello Escolar, que actualmente son órganos cuasi decorativos. Di que non é necesario facer seguros privados nos colexios porque ese é un gasto que debería asumir o SERGAS, aínda que pode ser convinte unha póliza que cubra riscos non cubertos pola asistencia sanitaria pública, pero que en calquera caso, é un tema alleo á competencia do Concello e que debería tratarse pola ANPA do centro.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e dezanove minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,